

Cairón

BOLETÍN DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

Nº 8. MARZO
DE 2025

O CONFLITO DE ALTRI

- A liberdade da auga
Por Joaquín Araújo
- O impacto na saúde dos veciños e traballadores do proxecto GAMA
Por Sonia Villapol Salgado
- O confronto de dúas xeografías: o espazo banal e de recursos fronte ao espazo vivo e de resistencia no conflito de Altri
Por Rubén Camilo Lois González
- Outono roubado. Ensaio sobre ambiente, territorio e paisaxe a través do caso Altri
Por Horacio García
- A paisaxe emocional do Camiño de Santiago na Ulloa
Por Francisco Pardo Teijeiro
- Todo o que cabe nun queixo, nun xerro, nun iogur
Por Ana Escariz Pérez



HISTORIA

- Xénese e consolidación dos concellos constitucionais da Ulloa
Por Fernando Salgado
- Segundo fragmento de «Amoexa. Memoria dos cincuenta». *Por Pepe do Xastre*

PATRIMONIO

- Arredor da toponimia maior do concello de Antas de Ulla
Por Andrea Santiso Arias
- Historias de cultura en Antas de Ulla
Por Patricia Coucheiro

CREACIÓN

- Tres poemas
Por Adela Figueroa Panisse
- A Ulloa berra non
Por Paco Ledo
- Terra!
Por Toño Núñez
- Un conto inventado ou non
Por Pablo Coucheiro Rodríguez

☛ Os datos expostos no primeiro parágrafo pertencen ao minucioso informe elaborado por profesores e expertos para o Consello da Cultura Galega. As conclusións do documento, publicado en setembro de 2024, son contundentes: a macrocelulosa provocaría unha grave fractura no territorio, introduciría un elevado grao de incerteza na súa evolución futura, e as consecuencias sobre o medio ambiente «nun dos hábitats xeodácticos e ecolóxicos máis singulares e interesantes» de Galicia. Ao Goberno galego, convertido en entusiasta defensor do proxecto e refractario a todo debate serio e sereno sobre o mesmo, as consideracións do Consello da Cultura –órgano asesor da Xunta, cuxa función recolle o Estatuto de Autonomía– non lle mereceron máis ca un sonoro e público desprezo. A súa maquinaria propagandística, confabulada coa empresa privada e unha parte importante da prensa, funciona a todo gas e inhabilita a discusión pública. Dúas manifestacións xa históricas, unha en Palas de Rei en maio e outra en Santiago de Compostela en decembro, ademais de dúas de actos por toda a xeografía das comarcas directamente afectadas (A Ulloa, Arzúa-Melide, Arousa), serviron para perturbar a satisfacción oficialista. A Plataforma Ulloa Viva está a organizar de maneira exemplar un malestar social en que converxen múltiples razóns: a defensa da terra e de modos de vida autoxerados e sustentábeis, o combate contra o industrialismo alleo

ás novas circunstancias climáticas, a crítica do despotismo administrativo, a esixencia dunha mellor e máis sensíbel democracia, a comprensión de que o quecemento global o cambia todo, a alarma ante a irresponsabilidade do Goberno galego.

Cairón, o boletín do Instituto de Estudos da Ulloa, non ignora a situación. As súas colaboradoras e colaboradores veñen prestando unha continuada atención ás causas e consecuencias da mudanza climática na comarca e máis alá. A publicación é consciente de que se trata, xunto á emerxencia da dereita extremista, do reto colectivo máis formidábel ao que se enfronta a humanidade. Así, este número 8 ofrece –canda as seccións habituais– un bo monllo de materiais rigurosos e traballados que cuestionan con datos e opinións fundadas as supostas verdades oficiais arredor do proxecto de Altri. Oxalá sirva para contribuír á tan necesaria deliberación pública sobre o asunto. Tan necesaria como negada pola Xunta de Galicia. ☛

DANIEL SALGADO

Na Ulloa, febreiro de 2025

CAIRÓN

Boletín do Instituto
de Estudos Ulloáns
Nº 8. Marzo 2025

COORDINA

Daniel Salgado

ESCRIBEN, FOTOGRAFAN E DEBUXAN

Joaquín Araújo
Sonia Villapol Salgado
Rubén Camilo Lois González
Horacio García
Francisco Pardo Teijeiro
Ana Escariz Pérez
Fernando Salgado
Pepe do Xastre
Andrea Santiso Arias
Patricia Coucheiro
Adela Figueroa Panisse
Paco Ledo
Toño Núñez
Pablo Coucheiro Rodríguez
Eduardo Eirago
Ana G. Liste
Antonio Pérez Casas
Xulio Cuba Orosa

GRÁFICA

Laboratorio Numax

PRELO

Agencia Gráfica

ISSN: 2603-8471
DEP. LEGAL: LU 32-2017
Monterroso, 2025

